



ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 27 DE MAIO DE 2007.

No salón de actos da Casa do Concello de Viveiro, sendo as 12 horas do día dezaseis de xuño de dous mil sete, para dar cumprimento ao que se dispón nos artigos cento noventa e cinco e cento noventa e seis da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, do 2 de abril; 8/1991, do 13 de marzo; 6/1992, do 2 de novembro; 13/1994, do 30 de marzo; 3/1995, do 23 de marzo; 1/1997, do 30 de maio e 3/1998, do 15 de xuño e arts. 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde/sa, reuníronse, en sesión pública, os Sres./Sras. Concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día 27 de maio de 2007, que son os seguintes:

D. Melchor Roel Rivas.
D^a. María Loureiro García.
D. José Luis Docampo Fortes.
D. María Isabel Rodríguez López.
D. Rafael Luis Fernández Amor.
D^a. Olga María Méndez Carro.
D. Jesús Antonio Fernández Cal.
D^a. María Concepción Toral Romero.
D. Guillermo Leal Arias.
D^a. Raquel Atadell Giz.
D. Jesús Fernández Fernández.
D^a. María Carmen Gueimunde González.
D^a. Vanesa Rego Martínez.
D. Juan José Pardo Gato.
D. Celestino Valentín García Paz.
D. José Antonio Goás Basanta.
D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARIA

D^a. Sara Martínez Álvarez

TESOUREIRA ACCIDENTAL

D^a. Fátima Moar Rivera

Asistidos polo infraescrito Secretaria da Corporación D^a. Sara Martínez Álvarez, quen fai constar que se cumpriu o requisito que preceptúa o art. 7º do citado regulamento, como trámite previo legal para este acto.



FORMACIÓN DA MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA, CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS PARA A ELECCIÓN DE ALCALDE.-

Seguidamente procedeuse a formar a Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro electo de maior idade, entre os asistentes, D. Orlando Expósito Mariño, que pasa a presidila, e polo de menor idade, tamén entre os asistentes, D^a. María Loureiro García, e actuando como Secretaria da mesa a que é da propia Corporación.

Unha vez constituída a Mesa de Idade, esta procede a comprobar as credencias presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, baseándose na certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobando que se cumpre a esixencia determinada polos art. 195.4 da mencionada Lei Orgánica e 37.4 do referido Regulamento, esta Mesa declara constituída a Corporación, cumprindo previamente o requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes, segundo dispón o art. 108 da mesma Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril (B.O. do Estado do día 6), procedéndose, acto seguido, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis da repetida Lei Orgánica, á proclamación de candidatos/as para a elección de Alcalde, entre os Concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais, resultanto presentados e proclamados os seguintes:

NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS	LISTA OU CANDIDATURA EN QUE ESTÁN INTEGRADOS
D. Orlando Expósito Mariño	IU-EU
D. José Antonio Goás Basanta	BNG
D. Guillermo Leal Arias	PP
D. Melchor Roel Rivas	PSdG-PSOE

ELECCIÓN DE ALCALDE.-

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo cento noventa e seis da varias veces citada Lei Orgánica 5/1985, procédese á elección de Alcalde, iniciándose a votación de acordo co que establece o art. 102 do xa mencionado Regulamento, para elixilo entre os candidatos proclamados para este acto, obténdose o seguinte resultado:

NOME E APELIDOS DE CADA CONCE- LLEIRO CANDIDATO	NÚMERO DE VOTOS OBTIDOS	
	EN LETRA	EN NÚMERO
D. Orlando Expósito Mariño	Non presenta candidatura	
D. José Antonio Goás Basanta	Un	1
D. Guillermo Leal Arias	Sete	7
D. Melchor Roel Rivas	Nove	9

Inmediatamente, o Sr. Concelleiro que resultou elixido como Alcalde deste Concello, D. Melchor Roel Rivas, integrado na Lista ou Candidatura de PSdG-PSOE, na forma anteriormente mencionada, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupar a Presidencia.

ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO DA CORPORACIÓN.-



A continuación, dáse lectura á acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova Corporación, acompañada de todos os documentos que xustifiquen as existencias en metálico e valores propios da Corporación, depositados na Caixa municipal e en entidades bancarias, así como a documentación relativa ao Inventario do Patrimonio municipal e dos Organismos Autónomos do Concello, de acordo co preceptuado no número 2 do art. 36 do repetido Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para os efectos do preceptuado polo art. 86 de Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e art. 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1.372/1986, do 13 de xuño.

INCIDENCIAS.-

O Sr. Alcalde-Presidente intervén para dar a palabra aos distintos partidos políticos que integran a Corporación.

D. Rafael Luis Fernández Amor, do PSdG-PSOE, agradece o apoio recibido e felicita aos presentes, indicando, ademais, que se está ante un mandato novo e que, polo tanto, só quere dar as grazas e a benvinda.

D. Guillermo Leal Arias, do PP, dálle a noraboa ao Sr. Alcalde-Presidente, dá as grazas aos seus compañeiros de partido e sinala que van a estar nun plan construtivo e formativo, sen esquecer as funcións propias da oposición.

D. José Antonio Goás Basanta, do BNG, dálle os seus parabéns ao Sr. Alcalde-Presidente, agradece o apoio recibido e felicita ao pobo de Viveiro. Lembra, así mesmo, que foron moi leais co goberno saínte e anuncia que o van seguir sendo, brindando o seu apoio a todos os grupos da oposición para seguir traballando por Viveiro e polo interese de todos os vecinos, como o veñen facendo, de xeito ininterrompido, dende 1975.

D. Orlando Expósito Mariño, de IU-EU, manifesta o seu desexo de que non se rompa a esperanza do día 25 de maio de 2003, mantida cos resultados das eleccións do 27 de maio de 2007.

Finalmente, o Sr. Alcalde-Presidente agradece, en primeiro lugar, aos vecinos de Viveiro que o 27 de maio, cos seus votos, sexan da candidatura que foran, propiciaron a constitución desta Corporación e o mandato que se inicia para os Concelleiros. En segundo lugar, que o grupo de goberno parte, segundo di, dun tema fundamental, que é o de que exista consenso.

Seguidamente, agradece o voto obtido en Viveiro, xa que di que grazas a el este goberno estará presenta na Deputación Provincial. Reitera o interese en evitar todo tipo de tensións, manifestando o desexo de que saia adiante o PXOM, o tema do solo industrial e o saneamento económico do Concello.

A continuación, expresa a súa satisfacción dicindo que no día de onte se cumpriron trinta anos do novo sistema político, polo que espera que todos os concelleiros presentes se poñan de acordo para traballar polos intereses de Viveiro.

Finalmente, agradece a D. Francisco Luís Rodríguez Guerreiro e D. César Naval Parapar, igual que a D. José Antonio Goas Basanta, o seu traballo nos últimos catro anos no goberno municipal e dá as grazas ao seu grupo, lembrándolles que teñen que traballar para sacar adiante o Concello de Viveiro.

Non habendo outros asuntos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente da Corporación dá por pechada a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos e extendéndose a presente acta que asina o Sr. Alcalde, comigo a Secretaria, de todo o cal certifico.